



DÍA DO CONSUMO RESPONSABLE

15 DE MARZO



Banksy

Consumir ten calidades ambiguas: alivia a angustia, porque o que ten o individuo non llo poden quitar; pero tamén require consumir máis, porque o consumo previo pronto perde seu carácter satisfactorio.

Erick Fromm





DÍA DO CONSUMO RESPONSABLE



Para comezar...comezar...



Nunha rúa de Lisboa – Miguel Pérez Lorenzo

Características da sociedade nova

A maioría de autores e autoras conveñen en que aumentar o consumo material non necesariamente significa un aumento do benestar, que un cambio espiritual e do carácter debe acompañar os cambios sociais necesarios, que **a menos que deixemos de desperdiciar os nosos recursos naturais e de destruír as condicións ecolóxicas** para a pervivencia humana, **pode preverse** que ocorrerá **unha catástrofe** dentro de cen anos.[...] **Os métodos hipnóticos usados na publicidade** comercial e na propaganda política **son un grave perigo** para a saúde mental, especificamente **para o pensamento crítico e para a independencia emocional**.(...) É embrutecedor o bombardeo cos métodos puramente suxestionadores na publicidade e, principalmente, nos anuncios comerciais da televisión. **Este ataque á razón e ao sentido da realidade padécese en todas partes e a todas horas**: durante moitas horas diante da televisión ou cando se conduce o auto na estrada, na propaganda política,[...] **O efecto** particular destes métodos suxestionadores é crear un estado de semisomnolencia, de crer e non crer, de **perder o sentido da realidade**.

Ter ou ser – Erick Fromm*

* Erick Fromm (Frankfurt, Alemaña 1921- Murallo, Suíza 1989). Foi un destacado psicólogo social, psicanalista, filósofo e humanista alemán. Pensador inqueda publicou unha gran cantidade de libros entre os que destacan: *O medo á liberdade*, *Psicanálise da sociedade contemporánea*, *A arte de amar* e *O dogma de Cristo*.

CUESTIÓN

“Por que os fervorosos da pena capital non esixen a pena de morte contra os valores da sociedade de consumo, que acotío atentan contra a seguridade pública? Ou acaso non invita ao crime o bombardeo da publicidade que atorde a millóns e millóns de mozos desempregados, ou mal pagos, repetíndolles noite e día que ser é ter, ter un automóbil, ter zapatos de marca, ter, ter e quen non ten, non é?”

Eduardo Galeano**
“Disculpen la molestia ¿Es justa la justicia?”
9 de maio de 2009

- Que teñen en común o texto anterior de Erick Fromm escrito en 1980 e este de Eduardo Galeano escrito en 2009?
- Como foi a evolución da humanidade nos 29 anos que separan ambos textos?
- Que ideas se che ocorren diante das frases da artista Bárbara Kruger (I shop therefore I am) “*merco, logo son*” e a do escritor Eduardo Galeano “*quen non ten non é*”? Estás de acordo coas proposicións que fan ambos intelectuais?

** Eduardo Hughes Galeano (Montevideo, 3 de setembro de 1940) é un xornalista e escritor uruguaio, unha das personalidades máis destacadas da literatura latinoamericana. Os seus libros foron traducidos a varios idiomas. As súas obras máis coñecidas son *Memoria del fuego* (1986) e *Las venas abiertas de América Latina* (1971), que foron traducidos a vinte idiomas. Os seus traballos céntranse nos campos do xornalismo, análise política e historia, aínda que Galeano nega ser un historiador.

15 DE MARZO, Día dos dereitos das e dos consumidores

O 15 de marzo de 1962 John F. Kennedy, o presidente dos Estados Unidos nese momento, anunciou os dereitos de todas e todos os consumidores e convidou a convocar ese día como o Día Mundial dos e das Consumidores. Non foi ata o 15 de marzo de 1983, máis de vinte anos despois do discurso de Kennedy, cando se celebrou por primeira vez este día, supoñendo unha chamada de atención a toda a cidadanía sobre a idea de que só é bo un consumo responsable, algo polo que traballan tanto as asociacións de consumidores e consumidoras coma todos os organismos públicos de consumo. O 9 de abril de 1985 a Asemblea Xeral de Nacións Unidas adoptou as Directrices de Nacións Unidas para a Protección das persoas consumidoras quedando así os seus dereitos elevados a unha posición de recoñecemento e lexitimidade internacional.



Barbara Kruger

TRABALLO CON IMAXES

- Analiza con detemento a imaxe e le atentamente a cita



“Unha **sociedade capitalista** require unha cultura baseada en imaxes. **Necesita subministrar moitísimo entretemento co obxecto de estimular a compra e anestesiar as lesións de clase, raza e sexo.**”

Susan Sontag


EXTRAE CONCLUSIÓNS

- Con que país ou zona xeográfica asociarías a fotografía? Por que?
- Trata de imaxinar por que necesitarán as persoas que viven nesa con-torna tanta “anestesia televisiva”, e enumera os problemas que ao teu xuízo puideran estar vivindo.



Película: *Network* de Sidney Lumet Fragmento TV Ilusión

Unha análise sobre o poder da tele-visión, que retrata un mundo com-petitivo onde o éxito e as marcas de audiencia imponen a súa ditadura.



- Despois de ver o fragmento da película *Network*, identifica as caracterís-ticas e poderes que se lle outorgan á televisión?
- Que relación ves entre as problemáticas presentadas a través dos tres documentos traballados: a *fotografía*, a *frase* e o *video*? Escribe un pe-queño texto que reflecta de xeito coherente as túas ideas.

Sabías que...?

En Estados Unidos no ano 1994 Henry Labalme fundou **TV-Free America**, unha organización sen ánimo de lucro para concienciar aos cidadáns e cidadás sobre os efectos nocivos do consumo excesivo de televisión.

No ano 1995, esta organización apoiada por profesores e profesoras, psiquiatras, escritores e escritoras, deportistas... propuxo crear a **Semana Internacional Sen Televisión**. Para celebrala indicouse que había que desenchufar a TV e *pensar outras formas de ocupar o tempo* durante sete días. Acordouse establecer a última semana de abril para a súa celebración.

En España esta iniciativa é apoiada por **Ecoloxistas en Acción**, unha serie de grupos ecoloxistas que constitúen o chamado **ecoloxismo social**, que entende que **os problemas medioambientais teñen a súa orixe nun modelo de produción e consumo cada vez máis globalizado e insostible**, do que derivan tamén outros problemas sociais, modelo que cómpre transformar se se quere evitar a crise ecolóxica.

Ecoloxistas en Acción busca pór de manifesto que o consumo irracional produce illamento das persoas e o deterioro do medio ambiente. Para iso realiza campañas de sensibilización, así como denuncias públicas contra aquelas actuacións que danan o medio ambiente.

Ecoloxistas en Acción considera que **a televisión despraza as interaccións das persoas entre si e co territorio e substitúeas pola contemplación dun espazo virtual seleccionado intencionalmente ao servizo da comercialización a grande escala**. Destrúese ou debilítase así a produción local menos agresiva, as redes sociais próximas e a cultura ligada ao territorio, xeralmente máis respectuosa desde o punto de vista ecolóxico. Detrás da súa aparente función de entretemento ou información agóchase o seu verdadeiro obxectivo, que é incitar o consumo dos produtos das compañías que a financian ou que son as súas propietarias.



Vivir sen televisión?

Ecoloxistas en Acción di que o electrodoméstico "destrúe as relacións sociais e provoca un consumo insostible" polo que pide que secunde a "folga de mandos" desta semana

REDACCIÓN AXENCIAS - SANTIAGO

Coincidindo co comezo da Semana internacional sen televisión, que se celebra entre o 21 e o 27 de abril, Ecoloxistas en Acción denunciou onte o papel que xoga este electrodoméstico na sociedade actual, ó considerar que "publicita un modelo de vida destrutor e insostible", sinalou a Asociación Ecoloxista en Acción. Segundo a organización, "a televisión destrúe as relacións sociais e propón un consumo insostible para o planeta", mediante a "invisibilización da crise ambiental". Así mesmo, os ecoloxistas denunciaron que este medio "incita constantemente a un consumo irracional e masivo".

Ó seu xuízo, a televisión "aprovéitase da dificultade que ten o cerebro para distinguir entre a realidade e as imaxes virtuais e reduce e degrada as interaccións das persoas entre si e co territorio".

Ecoloxistas en Acción afirmou tamén que, segundo varios estudos, as persoas dedican a ver a televisión un tempo equivalente a once anos completos da súa vida. Por iso, propón dicir adeus á televisión, e ata ó DVD, durante unha semana enteira.

A iniciativa da Semana internacional sen televisión xurdiu en Estados Unidos en 1995, promovida pola asociación Turn off TV, que propuña ideas como a creación dun mando universal para apagar as televisións dos bares e recuperar así os espazos públicos.

As Asociacións de Usuarios afirman que en España vemos a TV de 3 a 5 horas e hai que engadir as outras pantallas: computador, videoconsola e móbiles. Os expertos falan de techno-stress cuxos efectos son: incapacidade para vivir con atención ó presente, síndrome da realidade fragmentada e fuxida cara ao irreal, pasividade, superficialidade e impulsividade.

Segundo os pedagogos isto ten moito que ver co aumento de hiperactividade e déficit de atención en nenos e tamén en adultos.

De todos os xeitos, non se trata tanto de demonizar o medio senón o exceso de uso e a non discriminación de contidos. Nas escolas americanas imparten curso de "media literacy" (alfabetización mediática) nos que ensinan ós nenos a ver racionalmente a TV. Iso está moi ben tanto para os nenos como os pais, pero non o é todo.

Ecoloxista en Acción: Campaña 2007 e noticia 2008
en galicia-hoxe.com

<http://www.youtube.com/watch?v=pXXfBGDYboM>



Moitas asociacións de nais e pais de alumnos e alumnas lembran que dentro do horario infantil os operadores de televisión emiten contidos violentos e programas nos que predomina a falta de respecto á intimidade das persoas, os insultos e a falta de escrúpulos, contravalores que as familias e a escola tratan de combater a diario nos menores. **A reforma dos medios audiovisuais, cuxos contidos afectan de maneira especial a nenos e nenas, a mocidade, pero tamén a toda a sociedade, “é unha cuestión de Estado”** como manifesta María Teresa Fernández de la Vega**.

- A que tipo de investigacións se dedica Pablo del Río?
- Pescuda que significa o *efecto Pigmalión*?
- A que se refire Pablo del Río cando fala da *dieta simbólica* relacionada cos medios de comunicación?
- Cal é a *responsabilidade da familia* con respecto á dieta simbólica?
- Cando inflúe máis a televisión na vida dos nenos e nenas?
- No vídeo afirmase que *a televisión pode ser unha ferramenta tan boa coma outras para que a humanidade se constrúa*. Saberías explicar o significado desta afirmación?
- Cales son os *aspectos positivos da televisión*? E os negativos?



* Efecto Pigmalión. Cando alguén anticipa un feito, existen moitas probabilidades de que se cumpra. A este fenómeno en psicoloxía social chámasele: “realización automática das predicións”; tamén se lle coñece como “O Efecto Pigmalión, ou a profecía que se cumpre a si mesma”.

****** María Teresa Fernández de la Vega Sanz (Valencia, 15 de xuño de 1949) é unha política española, independente vinculada ao PSOE, partido polo que foi elixida en diversas ocasións Deputada Nacional, e desde o 18 de abril de 2004 a primeira muller Vicepresidenta Primeira do Goberno.

Exemplos dalgunhas medidas tomadas, e información para denunciar vulneracións dos principios acordados en materia de programación televisiva para menores, e tratamento da imaxe da muller nos medios

II. Menores y programación televisiva en horario protegido (06:00 a 22:00 horas)

1. Principios

- Garantizar el respeto a los derechos fundamentales de los menores que participan en la programación televisiva.
- Fomentar el control parental, de modo que se facilite a los padres o tutores una selección crítica de los programas que ven los niños.
- Colaborar en una correcta y adecuada alfabetización de los niños, evitando el lenguaje indecente o insultante, incluyendo, expresamente, los mensajes SMS que aparecen en pantalla.
- Evitar la incitación a los niños a la imitación de comportamientos perjudiciales o peligrosos para la salud, especialmente: la incitación al consumo de cualquier tipo de droga y el culto a la extrema delgadez.
- Evitar la utilización instrumental de los conflictos personales y familiares como espectáculo, creando desconcierto en los menores.
- Evitar los mensajes o escenas de explícito contenido violento o sexual que carezcan de contenido educativo o informativo en los programas propios de la audiencia infantil, así como en sus cortes publicitarios.
- Asignar profesionales cualificados a los programas destinados al público infantil.
- Sensibilizar con los problemas de la infancia a todos los profesionales relacionados con la preparación de la programación o de las emisiones, del modo que se considere oportuno por cada empresa televisiva.
- Fomentar que los presentadores o conductores de programas en directo adviertan las situaciones que puedan afectar a la protección de los menores de forma que se minimicen los eventuales perjuicios que puedan causarse.
- Evitar las demostraciones de ciencias ocultas o de culto a las sectas, sin finalidad educativa o pedagógica para alertar a los menores.

1.2.4. La influencia de la televisión en la superación del sexismo

Las investigaciones sobre sexismo y violencia en adolescentes² (Díaz-Aguado y Martínez Arias, 2001) constatan una notable influencia de la televisión, el medio más atendido por la infancia y adolescencia, respecto al sexismo y la violencia de género, pudiéndose destacar que:

- **La superación de creencias que justifican la violencia contra las mujeres está relacionada con los mensajes transmitidos por los medios de comunicación.** Existe un acuerdo generalizado entre las y los adolescentes con dos de los mensajes en los que más se ha insistido: 1) la violencia de género es uno de nuestros principales problemas sociales, superando la tradicional tendencia a reducirlo a un problema privado, 2) la víctima debe denunciar la violencia, y para ello necesita apoyo.
- **Los esquemas y conceptos utilizados por las y los adolescentes respecto a la violencia de género reflejan una influencia significativa de la televisión, superior a la influencia de la escuela.** Esto se detecta en que la mayoría manifiesta cierta comprensión (aunque sea incompleta e imprecisa) de conceptos muy habituales en la televisión sobre este tema, como son los relacionados con el acoso sexual, la violencia específica que se ejerce contra la mujer por el hecho de ser mujer, y las causas y posibles soluciones a este problema. Por el contrario, parecen desconocer de dónde viene esta situación, cuál ha sido su evolución histórica, por qué hay menos mujeres en los puestos desde los que se organiza la sociedad, etc. Estos resultados reflejan que, en general, las mujeres siguen siendo invisibles en la historia que las y los adolescentes han aprendido en la escuela y que es preciso incrementar y mejorar los intentos para superar este problema que parece estar relacionado, además, con la dificultad para superar determinadas creencias sexistas (que les llevan a considerar la influencia de la biología como un determinante para explicar los problemas actuales).
- **Los mensajes de la televisión sobre el sexismo y la violencia de género parecen llegar de forma diferente a las y los adolescentes.** Los resultados reflejan que ellas son más sensibles y que comprenden y recuerdan mejor la información que sobre este tema han divulgado los medios de comunicación en los últimos años. Conviene tener en cuenta estos resultados para que los intentos de erradicar este ancestral problema resulten eficaces.

Formulario de Reclamaciones

Los campos marcados con * son de inserción obligatoria

Identificación o Nombre del Reclamante

Nombre:

Primer Apellido:

Segundo Apellido:

Dirección, Domicilio:

Código Postal:

* Correo electrónico:

Identificación del Programa objeto de Reclamación

* Cadena de la emisión:

* Programa:

* Fecha (dd/mm/aaaa):


* Hora de la emisión (hh:mm):

* Objeto de la Reclamación:

Motivo de la reclamación

* Texto:

(máximo:300 caracteres, 8 líneas Aprox.)



Instituto de la Mujer
Observatorio de la imagen de las mujeres
Año 2007

TELEVISIÓN

La ciudadanía se muestra especialmente sensible con los siguientes contenidos televisivos:

- 1.- Los que muestran tratamientos violentos hacia las mujeres, ya sea de forma física o verbal, detectados en determinadas series.
- 2.- Tratamiento informativo como "espectáculo" de asuntos relacionados con situaciones de vulnerabilidad de las mujeres, especialmente prostitución y violencia de género.
- 3.- Programas que exaltan estándares predefinidos de belleza asociados a éxito social.
- 4.- Tratamiento discriminatorio de la mujer en los espacios informativos de carácter deportivo.

OBSERVATORIO DE LA IMAGEN DE LAS MUJERES
INSTITUTO DE LA MUJER - MINISTERIO DE IGUALDAD
C/CONDESA DE VENADITO 34 CP 28027 MADRID
observatorioimagen_im@migualdad.es / www.migualdad.es/mujer

OBSERVATORIO DE LA IMAGEN DE LAS MUJERES FORMULARIO DE DENUNCIA

FECHA:

E-MAIL:

RELLENAR EL APARTADO QUE CORRESPONDA: DE COLECTIVO O PARTICULAR

DENUNCIA DE ASOCIACIÓN O COLECTIVO:

NOMBRE DE LA ORGANIZACIÓN:

NOMBRE DENUNCIANTE:

CARGO O RELACIÓN CON LA ORGANIZACIÓN:

Comercio Xusto



Vídeo: Comercio Xusto

<http://www.youtube.com/watch?v=keoTC7zhiss>



Consumo xusto

Unha ética do consumo que intente responder á pregunta “que se debería consumir, para que se debería consumir e quen debería decidir o que se consume” en sociedades que se prezan de afirmar que toda persoa é igual en valor, debería ter en conta as dúas grandes dimensións da moral, é dicir, que **o consumo debe ser xusto e facilitar ás persoas unha vida boa**. Será xusto, como indica Ulrike Knobloch*, se as persoas están dispostas a aceptar unha norma mínima, segundo a cal, **só se consumirán os produtos que todos os seres humanos poidan consumir e que non danen nin ao resto da sociedade nin ao medio ambiente**. O primeiro criterio para discernir se unha forma de consumo é xusta consiste, pois, en considerar se pode universalizarse. Agora ben, os consumidores carecen da información necesaria sobre as consecuencias dos produtos para o conxunto da sociedade e para o contorno, razón pola que é preciso complementar esta dimensión individual da ética do consumo cunha institucional. **O consumidor necesita que o asesoren sobre a natureza dos produtos, sobre a relación calidade-prezo e sobre as consecuencias para el, pero tamén sobre as consecuencias que ten o consumo de determinados produtos no conxunto da sociedade e no medio ambiente**. Por iso, do mesmo xeito que existen organizacións preocupadas polo comercio “xusto”, **urxe**

crear e fomentar organizacións preocupadas polo consumo “xusto”, preocupadas por advertir que produtos orixinan un dano social e están, polo tanto, vedados a unha sociedade que se pretenda xusta. Tales organizacións deberían ser tanto políticas coma civís, e neste sentido as **organizacións de consumidores** poderían **ampliar o seu papel reivindicativo ao consiliativo****, potenciando unha opinión pública crítica, que manteña un amplo debate sobre que tipo de produtos poderían consumirse sen atentar contra a sostibilidade social e medioambiental. Por último, na orde da exposición, que non da importancia, **é consumo ético o que proporciona ás persoas unha vida boa**. E aquí conviría cambiar ese estúpido chip, empeñado en identificar a felicidade co consumo indefinido de produtos do mercado, cando os máis intelixentes xa están de volta e optan pola calidade de vida fronte á cantidade dos produtos, por **unha cultura das relacións humanas, do gozo da natureza, do acougo e a paz, totalmente enfrontada coa aspiración a un consumo ilimitado**. Afortunadamente, estas formas de vida con calidade poden universalizarse. En facer que cheguen a todos os seres humanos estriba a máis radical das revolucións pendentes.

Adela Cortina

* Ulrike Knobloch Profesora de Filosofía, Ética nos Negocios e Estudos de Xénero da Universidade de St. Gallen, Suíza.

** Punto que aconsella ou serve de consello

Revisar as nosas actitudes persoais

O consumismo substituíu algunha doutrina?

Si, é a doutrina número un, e ademais o que nos une a todos cada vez máis non é ser persoas, senón ser consumidores. Gústame moito esa expresión de Rifkin que di que a nosa etapa é aquela en que triunfou o capitalismo porque conseguiu levar todo o noso tempo á area comercial. Podemos comprar a calquera hora do día, da noite, por Internet, nunha gran superficie... Somos consumidores de raíz.

O consumismo é un síntoma de que o egoísmo lle gañou o pulso á solidariedade?

É unha forma de vida que fai practicamente imposible a solidariedade. Cando hai unha forma de vida na que aquilo que dá a felicidade é ir de compras, porque a xente xa non vai a comprar isto ou o outro, senón de compras como unha fin en si mesmo, que o de ao lado teña ou non teña, ou que se estea morrendo de fame, é que nin se considera. O consumismo expulsou á solidariedade.

Entrevista a Adela Cortina
por Miquel Alberola – www.elpais.es / 24 de agosto de 2001



CUESTIÓN

- Cales son as ideas principais que expón a filósofa Adela Cortina na entrevista?
- Estás de acordo coa afirmación “...o que da a felicidade é ir de compras porque a xente xa non vai a comprar isto ou o outro, senón de compras...”?
- Hai momentos específicos ao longo do ano que acostumamos ir de compras porque a sociedade de consumo así o determina. Intenta facer unha recompilación de todos eles analizando cada un dos meses do calendario.
- Que relación podes atopar entre o que ves na imaxe e o tema do *consumo xusto*?
- Que te suxire esta fotografía? Intenta ver a través deste *Papá Noel* a vida, a historia, os acontecementos desde abaixo, desde as persoas sen recursos. O mundo non se ve de igual maneira desde unha choupana dun suburbio que desde un palacio.



Vídeo: *La historia de las cosas*

<http://www.youtube.com/watch?v=c5CzJwCMnX4> [1]

<http://www.youtube.com/watch?v=FXyn-m0U6dk> [2]

<http://www.youtube.com/watch?v=caqPoRxa3sk> [3]



Vídeo: *Dinero y conciencia.* Joan Antoni Melé

Se cambiamos o noso xeito de pensar e actuar, cambiaremos o modelo económico. O Estado, a banca, a industria móvense a instancias do diñeiro que manexan as persoas, a cidadanía, a colectividade. Polo tanto, o poder da cidadanía non reside tanto no seu voto como na dirección á que dirixa o seu diñeiro, a súa forma de consumir e de investir os seus aforros.



Para
saber
algo
más...



O imperio do consumo

A maioría das persoas, que se endebedan para ter cousas, terminan tendo nada máis que débedas para pagar débedas que xeran novas débedas e acaban consumindo fantasías que ás veces materializan delinquindo. O dereito ao malgaste, privilexio de poucos, di ser a liberdade de todos. **Dime canto consumes e direiche canto vales.** Esta civilización non deixa durmir ás flores, nin ás galiñas, nin á xente. Nos invernadoiros, as flores están sometidas a luz continua, para que medren máis rápido. Nas fábricas de ovos, as galiñas tamén teñen prohibida a noite. E a xente está condenada ao insomnio, pola **ansiedade de comprar** e a **angustia de pagar**. Este xeito de vida non é moi bo para a xente, pero é moi bo para a industria farmacéutica. EUA consume a metade dos sedantes, ansiolíticos e demais drogas químicas que se venden legalmente no mundo e máis da metade das drogas prohibidas que se venden ilegalmente, o que non é moco de pavo se se ten en conta que EUA apenas suma o cinco por cento da poboación mundial [...].

As masas consumidoras reciben ordes no idioma universal da **publicidade** que logrou o que o esperanto quixo e non puido. Calquera entende, en calquera lugar, as mensaxes que o televisor transmite. No último cuarto de século, os gastos de publicidade duplicáronse no mundo. Grazas a eles, os nenos pobres toman cada vez máis Coca-Cola e cada vez menos leite, e o tempo de lecer vaise facendo tempo

de consumo obrigatorio. Tempo libre, tempo prisioneiro: as casas moi pobres non teñen cama, pero teñen televisor e **o televisor ten a palabra**. Mercado a prazos, ese animalíño proba a vocación democrática do progreso: **a ninguén escoita, pero fala para todos**. Pobres e ricos coñecen, así, as virtudes dos automóbiles último modelo, e pobres e ricos saben das vantaxosas taxas de interese que tal ou cal banco ofrece [...].

Os expertos saben converter as mercadorías en máxicos conxuntos contra a soidade. As cousas teñen atributos humanos: acarician, acompañan, comprenden, axudan, o perfume bícate e o auto é o amigo que nunca falla. **A cultura do consumo fixo da soidade o máis lucrativo dos mercados**. Os buratos do peito échense ateigándoos de cousas, ou soñando con facelo. E as cousas non soamente se poden abrazar: elas tamén poden ser símbolos de ascenso social, salvoconductos para atravesar as aduanas da sociedade de clases, chaves que abren as portas prohibidas. Canto máis exclusivas, mellor: as cousas elixente e sálvante do anonimato multitudinario. **A publicidade non informa** sobre o produto que vende, ou rara vez o fai. Iso é o de menos. **A súa función primordial consiste en compensar frustracións e alimentar fantasías.**

Eduardo Galeano
O imperio do consumo

Internet, redes sociais e publicidade

Na actualidade son moitas as persoas que pertencen a **redes sociais***. Contrariamente ao que se pensa non só os e as adolescentes as usan. As persoas comprendidas entre os 18 e 24 anos son as que pertencen maioritariamente a distintas redes sociais. Hainas para todos os gustos: para xente que lle gusta a música [blip.fm], para os e as apaixonados da fotografía [flickr], redes sociais puras [facebook, myspace, tuenti, twitter...], etc. Nestas comunidades, un número inicial de participantes envían mensaxes a membros da súa propia rede social invitándoos a unirse ao sitio. Os e as novos participantes repiten o proceso, crescendo o número total de membros e os enlaces da rede. Os sitios ofrecen características como actualización automática do caderno de direccións, perfís visibles, a capacidade de crear novas ligazóns mediante servizos de presentación e outras maneiras de conexión social en liña. **As redes sociais tamén poden crearse en torno ás relacións comerciais.** A publicidade non é allea e este feito desenvolveu o **marketing viral** ou **publicidade viral**: técnicas de marketing que intentan explotar as redes sociais, para promocionar e dar a coñecer as características dos produtos de determinadas marcas. Utilízanse métodos de autorreplicación viral semellantes á expansión dun virus informático. Trátase de chegar a unha gran cantidade de persoas rapidamente, para isto non se dubida en empregar o marketing encuberto a través de blogs, ou sitios aparentemente amateur.



Imaxe tomada de Cuadernos de Comunicación evoca

* Redes sociais: son formas de interacción social, definidas como un intercambio dinámico entre persoas, grupos e institucións en diferentes contextos. É un sistema aberto e en construción permanente que involucra conxuntos que se identifican nas mesmas necesidades e problemáticas e que se organizan para potenciar os seus recursos.

DOCUMENTOS QUE AXUDAN A ENTENDER O CONCEPTO DE PUBLICIDADE VIRAL



MobuzzTV foi un conglomerado de vlogs (videoblogs) que se producían diariamente desde 2004 (de luns a venres), con programas dunha duración aproximada de entre 5 e 10 minutos, cun amplo rango de temas como tecnoloxía, actualidade, tendencias e entretemento. *MobuzzTV* terminou a súa emisión en novembro de 2008 debido a unha serie de problemas económicos.



Vídeo: Evian roller babies US
[Viral realizado pola Axencia EURO RSCG]

Evian decidiu publicar primeiro esta publicidade en Youtube para ver a reacción do público antes de comprar un espazo de publicidade na televisión. Hai dúas versións desta publicidade: Unha para a audiencia internacional e outra para USA. O spot chámase *Skating Babies* e a campaña *Water Babies - Live Young*.



As marcas da ironía – A ironía das marcas

A **ironía** ata hai pouco definiuse como **dicir o contrario do que se quere dicir**, pero esta definición foi criticada por moitos expertos e expertas en materia de comunicación. Haverkate [1985] considerou que o concepto de contradición non era suficiente para unificar todos os fenómenos irónicos. Ademais a existencia dunha contradición non caracteriza aos enunciados como irónicos, xa que pode haber enunciados con sentido figurado que non levan unha contradición implícita. En moitas ocasións, o que indica a ironía **non é un significado oposto, senón diferente**. Para entender a ironía debemos ter en conta o **contexto lingüístico**, o **contexto situacional** ou circunstancias externas, e o **contexto sociocultural** ou coñecemento, vivencias compartidas, etc. A persoa que fala distánciase das súas palabras e a persoa que escoita debe inferir o significado do enunciado recorrendo a eses tres tipos de contextos. Ademais o falante debe deixar na súa enunciación unha serie de indicadores para que a persoa que escoite poida interpretar o seu enunciado irónico. As marcas máis comúns da ironía cando nos expresamos son a mímica, os xestos, o ton, algúns signos de puntuación, ou as palabras alerta que funcionan como signos de admiración. Aínda que se poida pensar que a ironía só se transmite coas palabras, debemos ter en conta que hai outras canles para expresala.

Información baseada en: *As marcas da ironía*
M. Belén Alvarado Ortega
Grupo Grial. Universidade de Alacante



Shared Haksar



**Vídeo: Mano de obra
de Eduardo Galeano**

[http://www.youtube.com/
watch?v=3u51HQHSgwg](http://www.youtube.com/watch?v=3u51HQHSgwg)



Sharad Haksar é un dos fotógrafos con máis renome na India e conta con numerosos premios, entre eles o León de Prata da edición de Cannes do 2005. Aínda que entre os seus clientes poden estar nomes como *Canon, Citibank, Epson, Ford, Kodak, Mercedes Benz, Pepsi* o *Ray Ban*, Haksar é un artista comprometido que utiliza as súas instantáneas para denunciar inxustizas. O uso indiscriminado da publicidade por parte das grandes multinacionais chega a ser insultante nun país pobre como a India.



A ironía das marcas é un dos seus traballos máis comprometidos onde denuncia os desequilibrios económicos que existen no seu país facendo un uso diferente da publicidade e utilizando as marcas para facer denuncia social.

